



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 18 de febreiro de 2016

Hora de comezo: 14.15 h

Hora de remate: 15.00 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato

Don Manuel Fernández Munín

Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Reclamación contía por danos ocasionados nun poste e farol público no lugar de Santaia-Codezo. Rexeitamento alegacións e inicio execucións subsidiaria**
- 3. Aboamento indemnización de responsabilidade por danos**
- 4. Balance do CRA 2015**
- 5. Balance da Escola Infantil Municipal 2015**
- 6. Altas no servizo de abastecemento e saneamento**
- 7. Aprobación de facturas**
- 8. Prórroga do contrato de axuda no fogar**
- 9. Convenio de colaboración coa Fundación Amigos de Galicia**
- 10. Xustificación subvención “Mantemento de Servizos Sociais ano 2015”**
- 11. Xustificación subvención “Financiamento dos Servizos Sociais ano 2015”**
- 12. Renovación tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade**
- 13. Alta servizo xantar na casa**
- 14. Legalización de obras e licenza para a rehabilitación de fachadas e porches en vivenda unifamiliar existente**
- 15. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 4 de febreiro do 2016.

2.Reclamación contía por danos ocasionados nun poste e farol público no lugar de Santaia-Codeso. Rexeitamento alegacións e inicio execucións subsidiaria

Con data 12 de novembro de 2015, número de rexistro de saída 15/1035, comunícaselle á compañía de seguros Mapfre Seguros Familiar, que o tractor matrícula E-5806-BDM e remolque matrícula E-5679-BDS, asegurados na súa compañía, cando circulaban pola pista municipal que transcorre polo lugar de Santaia – Codeso destrozaron un poste e farol de alumeado público.

Reclámaselle á citada compañía de seguros o aboamento dos custos do arranxo do poste e farol de alumeado público, que según o presuposto do arranxo realizado pola empresa adxudicataria do servizo de alumeado público ascende a 2.260,57 euros.

Con data 25 de novembro do 2015 número de entrada 15/2250, compañía de seguros Mapfre Seguros Familiar responden que *“non aceptan a reclamación traspasada ao derivarse responsabilidade por parte da empresa Movistar, a cal deixa unha liña telefónica a unha altura inferior á establecida legalmente.*

Manifestan que o seu vehículo ten unha altura máxima de 3,70 metros polo que si enganxa a liña en cuestión é porque esta pende a unha altura inferior. Unha vez reparada a mesma, agora atópase a unha altura de 4,50 metros”.

Na Xunta de Goberno do 3 de decembro do 2015 acordouse aprobar a valoración do arranxo do poste e farol de alumeado público destrozados na pista municipal de Santaia-Codeso, por importe total de 2.260,57 euros e comunicarlle á empresa de seguros Mapfre Seguros Familiar e o propietario do tractor e do remolque que deberán proceder co aboamento dos custos do arranxo do poste e farol de alumeado público destrozados.

A compañía de seguros Mapfre recibe a notificación de reclamación de contía por danos ocasionados nun poste e farol público, no lugar de Santaia-Codeso, o 14 de decembro do 2015

O propietario do tractor e do remolque recibe a notificación de reclamación de contía por danos ocasionados nun poste e farol público, no lugar de Santaia-Codeso, o 15 de decembro do 2015.

Con data 28 de decembro do 2015, número de entrada 15/2476 a compañía de seguros Mapfre Seguros Familiar, alega que:

“1.O vehículo ten unha altura máxima de 3,70 metros polo que o enganchar os cables en cuestión é evidente que estes pendían a unha altura inferior á permitida, o que non é responsabilidade achacable ó condutor asegurado.

2.O concello parece entender que se atopa ante un expediente de responsabilidade patrimonial da Administración, é máis evidente que non se trata dun suposto de

responsabilidade patrimonial, institución referida á responsabilidade da propia Administración polos prexuízos derivados do funcionamento normal ou anormal do servizo público, regulada nos artigos 139 e ss da Lei 30/1992.

Encontrámonos con un suposto de responsabilidade civil extracontractual do condutor do vehículo (artigo 1902 do código civil), competencia dos xulgados e tribunais do orde civil, ante os cales o concello acudirá en caso de disconformidade das partes.”

Con data 25 de xaneiro do 2016 don Manuel xxxx, actuando en representación de Montaxes Eléctricos Fernández SL, empresa encargada do mantemento de iluminación pública no concello informa o seguinte:

“Que o día 4 de setembro de 2015, arredor das 17:00 horas foi avisado por don Xulián xxxxx, para que acudise o lugar de Santaia - Codeso a atender un sinistro no que estaba afectado, entre outros, un apoio do alumeado público, coa seu respectivo farol.

Personado no lugar dos feitos o citado día as 18:00 horas, procedeuse a realizar a reportaxe fotográfica que se adxunta (número 2), na que se aprecia que hai un apoio de formigón xunto co farol do alumeado público, rotos e tirados transversalmente na vía pública, facendo imposible a circulación pola mesma. Este apoio de formigón rómpese a consecuencia da tracción exercida pola liña de teléfono que discorre por detrás do mesmo. Don Xulián xxxxx, circulaba co vehículo, composto por tractor matrícula E-5806-BDM e remolque matrícula E-5679-BDS, pola vía que discorre por Santaia con dirección a Boqueixón.

Manifesta que circulaba sen problemas ata chegar ao punto sinalado no plano que se adxunta (plano 1) , en donde se deu conta que o remolque enganchara na liña do teléfono. Ao enganchar o remolque na citada liña produciuse o arrastre da mesma provocando:

1º A rotura do poste de madeira nº 4, que sustenta a liña telefónica

2º A rotura das suxeicións do poste de formigón nº 3

3º A rotura do poste de madeira nº 2, que sustenta a liña telefónica, e

4º A rotura, por arrastre do tendido de telefonía, do apoio do alumeado público.

O remolque E-5679-BDS, ten una altura de 3,70m. polo que se deduce que entre os puntos (Plano número 1) número 2 e número 3 a altura da liña supostamente era superior a 3,70 metros e entre os puntos número 03 e 04 a altura era inferior a 3,70 metros.

No tramo sinalado entre os puntos número 3 e número 4 a pista ten una lixeira curva á esquerda, pero ofrece una perfecta visibilidade para circular en ambos sentidos (Adxúntaxe reportaxe nº 3 do citado tramo). O sinistro tivo lugar en horario diurno e soleado tal e como se pode comprobar no reportaxe fotográfica nº 2.”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA:

-O artigo 2.2 do RD 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais sinala que “ Os bens de dominio público serán de uso ou de servizo público”.

-O artigo 3.1 do citado regulamento sinala que "Son bens de uso público local camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras pública de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan de competencia da entidade local”.

-O artigo 9.2 do citado regulamento sinala que “As entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos”.

-O artigo 44.2 do citado regulamento establece que para a defensa do seu patrimonio e para asegurar a axeitada utilización deste, as corporacións locais poden establecer e impoñer sancións de acordo co previsto na normativa sectorial aplicable.

SEGUNDA:

O artigo 7.1 do RDL 8/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Responsabilidade Civil e Seguro na Circulación de Vehículos a Motor, sinala que “O asegurador, dentro do ámbito do aseguramento obrigatorio e con cargo ó seguro de subscripción obrigatoria, haberá de satisfacer ó prexudicado o importe dos danos sufridos na súa persoa ou bens. O prexudicado ou herdeiros Terán acción directa para esixilo. Unicamente quedará exonerado desta obrigación si se proba que o feito non da lugar á existencia de responsabilidade civil conforme o artigo 1 da presente lei. Prescribe polo transcurso dun ano a acción directa para esixir ó asegurador a satisfacción ó prexudicado do importe dos danos sufridos por este na súa persoa e nos seus bens”.

Tendo en conta que a referida vía municipal de Santaia-Codeso ten un ancho de 4 metros, suficiente para permitir a circulación en dobre sentido.

Tendo en conta así mesmo, que no punto no que se engancha o remolque co cable da liña telefónica, existe unha lixeira curva á esquerda que en nada obstaculiza a visibilidade da estrada, o condutor do vehículo debería esquivar o obstáculo desviándose á marxe esquerda da vía ou ben, no caso de acercarse de fronte algún vehículo, deterse.

O condutor advertindo a presenza do cable, adoptaría as precaucións necesarias para non golpear contra os cables visibles e desta forma non provocar os danos, entre outros, dun poste e farol de iluminación pública.

TERCEIRO

Non se está ante un suposto dos que se regulan na Lei 30/1992, artigos 139 e seguintes, e RD 429/1993, do 26 de marzo, “procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial”, en virtude do cal os particulares teñen dereito a ser indemnizados, polas Administracións Públicas correspondentes, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Estase ante un suposto de reclamación por parte dunha Administración Pública Local, fronte os danos ocasionados nun ben público por un particular/compañía aseguradora.

(Neste caso danos dun poste e farol de alumeadado público ocasionados por un sinistro orixinado polo remolque matrícula E-5679-BDS do tractor matrícula E-5806-BDM conducido por un particular asegurado na compañía Mapfre Seguros Familiar)

Tendo en conta o anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Rexeitar a alegación presentada pola compañía de seguros Mapfre Seguros Familiar, compañía aseguradora do tractor matrícula E-5806-BDM e remolque matrícula E-5679-BDS, propiedade do condutor don Julián xxxxx.

2. Iniciar o expediente de execución subsidiaria e en consecuencia coa reposición do poste e farol destrozados en Santaia-Codeso polo remolque matrícula E-5679-BDS do tractor matrícula E-5806-BDM, propiedade de don Julián xxxxx.

Dito propietario, ou ben a compañía aseguradora do tractor e remolque, deberán aboar ó Concello de Boqueixón a contía da reposición dos danos ocasionados, que ascenden a un total de 2.260,57 euros.

Número de conta bancaria: xxxxx

3. No caso de non aboar o citado importe procederase polo concello á recadación da débeda vía executiva.

4. Notificar este acordo os interesados.

3. Aboamento indemnización de responsabilidade por danos

O 22 de decembro do 2015 co número de entrada 15/2460, dona María xxxxx, presenta escrito no Concello de Boqueixón reclamando o aboamento de danos ocasionados nun vehículo, como consecuencia de aparcar nunha praza que está enfronte da residencia de maiores Santa Olalla de Codeso, o día 12 de decembro de 2015.

Manifesta que o día 11 de decembro do 2015 celebrárase unha festa no citado lugar e que a citada praza estaba ategada de residuos, entre eles vidros, cos cales sufriu danos no vehículo.

Adxunta copia da factura de reparación de vehículo e albarán descritivo dos danos.

O albarán descritivo, do servizo de guindastre, sinala que con data 12 de decembro do 2015, hora de chegada 12.40 e hora de saída 13.20, foi recollido o vehículo matrícula 6038 CNN no lugar de Codeso.

O vehículo ten danos en dúas rodas (roda dianteira esquerda e roda traseira dereita).

A copia da factura sinala importe total: 197,13 euros.

Con data 29 de decembro do 2015, o representante da Asociación cultural e festiva San Paio informa que:

“Con motivo das festas patronais de Codeso, días 11, 12 e 13 de decembro que organiza a “Asociación Cultural e Festiva San Paio” montouse unha carpa no espazo público que está enfronte da residencia Santa Olalla de Codeso.

Dita carpa ocupaba a zona central do espazo público. Non ocupaba a zona de aparcadoiro que está enfronte da residencia Santa Olalla (Posto que alí aparcan os traballadores da residencia así como familiares de residentes que acoden de visita. Ás visitas teñen horario de 10.30 a 12.30 da mañá e de 15.00 a 18.30 horas da tarde)

Tampouco ocupaba unha pista municipal que transcorre a carón da zona de instalación carpa, posto que por aí circulan numerosos vehículos. Por dita pista municipal accédese igualmente á residencia así como a diversas casas de Codeso.

A zona destinada a aparcadoiro que está enfronte da residencia Santa Olalla así como a pista municipal que transcorre a carón da zona de instalación carpa estaba con restos de papeis/plásticos pero non con restos de vidros.

A zona destinada á carpa estaba con abundantes residuos de papel, de vidro e plásticos.

Dita zona non é apta para a o aparcadoiro de vehículos posto que dito recinto está destinado ás persoas que acoden ó evento popular así como á instalación de postos de bebidas.

O día 12 de decembro do 2015, ás 12.30 horas da mañá procedeuse por parte da citada asociación de festexos coa limpeza de todo o espazo público de Codeso destinado á celebración do festexo (carpa) e arredores para manter o lugar en correctas condicións hixiénicas.

Na labores de limpeza soamente se observaron restos de vidro dentro da carpa, non fora da mesma.”

Con data 11 de xaneiro do 2016, número de saída 16/16, polo concello solicítaselle a dona María xxxxx que aporte documentación e datos esenciais para a tramitación do expediente: identificación do vehículo, descrición concreta dos danos, reportaxe fotográfica, atestados, etc.

O 19 de xaneiro do 2016 co número de entrada 16/94, dona María xxxxx remite escrito sinalando que no albarán descritivo do servizo de guindastre consta a descrición do sinistro e dos danos .

Especifica ademais o seguinte:

- Datos concretos do vehículo da súa propiedade: Peugeot 307, matrícula 6038 CNN.
- Que as rodas foron cortadas e así marcadas no albarán.
- Que visto o horario sinalado no albarán, de chegada e saída do guindastre, é imposible que a asociación de festexos limpara todo o espazo público o día 12 de decembro ás 12.30 horas da mañá.
- Que pode aportar as testemuñas do operario da grúa , de traballadores da residencia en canto ó estado da praza e arredores, nos que había moito lixo, vidro e cristais, non só debaixo da carpa.

Manifesta novamente que aparcou nunha praza pública en donde estaba permitida a circulación e estacionamento de vehículos, sen sinais que indicasen o paso cortado ou non adecuado para a circulación de vehículos.

Neste caso visto o anterior obsérvase inequívoca a relación de causalidade entre o dano sufrido no vehículo e o funcionamento do servizo público, a valoración do dano e o cálculo da contía da indemnización.

O Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, que aproba o regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, no seu artigo 2.1 establece que as Administracións Públicas recoñecerán o dereito á indemnización dos particulares nos termos previstos no cap. I título X da lei de réxime xurídico das Administracións Públicas, polas lesións que sufran en calquera dos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, agás nos casos de forza maior ou danos que o particular teña o deber xurídico de soportar.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Recoñecer o dereito á indemnización por parte da Administración
2. Aboar a dona María xxxxx a contía de 197,13 euros, polo arranxo de dúas cubertas 205/55-16 Michelin Primacy 3, vehículo Peugeot 307, matrícula 6038 CNN
3. Dar conta ó departamento de Tesourería para que faga o pagamento desta indemnización.

4. Balance do CRA 2015

O Centro Rural Agrupado Vedra – Boqueixón, que unifica sete escolas unitarias de ambos concellos, púxose en marcha no ano 2006.

Ambos concellos acordaron que os gastos de funcionamento, mantemento, conservación e outros que se poidan xerar na sede do CRA (En Lestedo - Boqueixón), serán asumidos polos concellos a partes iguais.

De acordo co exposto, axúntase relación de facturas de telefonía móbil, electricidade, e combustible así como o custo do persoal de limpeza, que supoñen un total de gastos xerados polo CRA Vedra-Boqueixón, por importe total de **3.616,98 €**, no período que abrangue de xaneiro a decembro do 2015.

O importe total a aboar polo Concello de Vedra (50 %) ascende a 1.808,49 €.

A desagregación é a seguinte:

Conceptos	Gastos Totais
Persoal de limpeza	1.902,60 €
Gasóleo calefacción	697,48€
Teléfono móbil	290,40 €
Consumo eléctrico	726,50€
Suma Total	3.616,98 €

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Dar conta do balance do Centro Rural Agrupado Vedra-Boqueixón, ano 2015.
2. Que o Concello de Vedra aboe a contía que lle corresponde en relación cos gastos xerados polo Centro Rural Agrupado, que ascenden a un total de **1.808,49 €**.
3. Dar traslado deste acordo ó citado concello para o seu coñecemento e efectos.

5. Balance da Escola Infantil Municipal 2015

Dáse conta do seguinte balance de ingresos e gastos referido á escola infantil municipal de Boqueixón correspondente ao ano 2015:

1. INGRESOS:

A) Servizos prestados:

Xaneiro	4.420,19
Febreiro	4.603,79
Marzo	5.420,29
Abril	4.817,83
Maio	4.857,81
Xuño	4.852,17
Xullo	4.067,02
Agosto	0,00
Setembro	6.319,93
Outubro	4.108,06
Novembro	4.892,40
Decembro	4.187,51
Total	52.547,00

B) Subvención Consellería da Consellería de Traballo e Benestar: 28.000,00 €

TOTAL INGRESOS (A + B) 52.547,00 € + 28.000,00 € = 80.547,00 €

2. GASTOS:

	Persoal	Aliment	Seguros, Gasóleo e Outros	Elect.	Telf.	Mat. Of.+Inf	Totais
Xaneiro	8.862,70	256,57	58,01 570,00		49,04	38,00	9.834,32
Febreiro	9.101,27	304,99	812,09 23,16 261,14	681,42	47,88	38,00	11.269,95
Marzo	9.856,22	380,37		262,18	47,52	38,00	10.584,29
Abril	9.856,22	343,25			47,57	38,00	10.285,04
Maió	9.856,22	315,35	39,71	597,48	46,74	38,00	10.893,50
Xuño	16.334,42	398,86			47,64	38,00	16.818,92
Xullo	9.856,22	265,77			48,00	38,00	10.207,99
Agosto	10.023,42	0,00		958,47	33,85	38,00	11.053,74
Setembro	11.279,20	297,22	909,92		50,40	38,00	12.574,74
Outubro	12.876,08	253,48	61,71	420,11	62,25	38,00	13.872,56
Novembro	11.609,28	389,28	154,88 562,65 455,99		46,95	38,00	13.257,03
Decembro	15.795,01	198,62	90,39	475,41	48,25	38,00	16.645,68
	135.306,26	3.403,76	4.160,58	3.395,07	576,09	456,00	147.297,76 €

TOTAL GASTOS = 147.297,76 €

3. BALANCE:

INGRESOS (80.547,00 €) – GASTOS (147.297,76 €) = - 66750,76 €

6. Altas no servizo de abastecemento e saneamento

A) Altas en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de auga, inclúense como beneficiarios do servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome	DNI	Enderezo inmoible	Taxa
José xxxxx E Jesús xxxxx	xxxxx xxxxx	xxxxx Vilar – Lestedo 15881 Boqueixón	54,86 €
José xxxxx E Jesús xxxxx	xxxxx xxxxx	xxxxx Vilar – Lestedo 15881 Boqueixón	54,86 €

Polo que a Xunta de Goberno, acorda:

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

As altas concedidas son para vivendas.

As ditas taxas de abastecemento foron aboadas pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente, ó seguinte enderezo:

-José xxxxx e Jesús xxxxx

xxxxx Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón

Altas en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Saneamento, inclúense como beneficiarios de dito servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome	DNI	Enderezo inmovible	Taxa
José xxxxx E Jesús xxxxx	xxxxx xxxxx	xxxxx Vilar – Lestedo 15881 Boqueixón	54,86 €
José xxxxx E Jesús xxxxx	xxxxx xxxxx	xxxxx Vilar – Lestedo 15881 Boqueixón	54,86 €

Polo que a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no servizo de saneamento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

As altas concedidas son para vivendas.

As ditas taxas de saneamento foron aboadas pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

2º- Dar de baixa con esta data no servizo de saneamento, correspondente ás anteditas vivendas, a dona Socorro xxxxx, por cambiar a titularidade das mesmas.

3º.- Notificar este acordo ós interesados citados anteriormente, ó seguinte enderezo:

-José xxxxx e Jesús xxxxx

xxxxx Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón

-Socorro xxxxx

xxxxx Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón

B)

Alta en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, inclúese como beneficiario do servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome	DNI	Enderezo inmovible	Taxa
Alann xxxxx	xxxxx	xxxxx Vilar– Lestedo - 15881 Boqueixón	54,86 €

Polo que a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida é para unha vivenda.

As ditas taxas de abastecemento foron aboadas pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

2.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente.

Alta en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Saneamento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome	DNI	Enderezo inmoible	Taxa
Alann xxxxx	xxxxx	xxxxxVilar – Lestedo - 15881 Boqueixón	54,86 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no servizo de saneamento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida é para unha vivenda.

As ditas taxas de saneamento foron aboadas pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

2.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente.

C)

Alta en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome	DNI	Lugar	Taxas
Javier xxxxx	xxxxx	xxxxx – Pousada 15882 Boqueixón	54,86 €

Polo que a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento para unha vivenda ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento. Dita taxa xa consta ingresada polo interesado nas arcas municipais, no número de conta xxxxx (Abanca), figurando o xustificante da transferencia realizada.

2.- Notificar este acordo ó interesado.

7.Aprobación de facturas

Con cargo ó orzamento do ano 2016

1. A Xunta de Goberno acorda aprobar seguinte relación de facturas que serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2016, por un importe total de 42.591,66 euros.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL – Custo actividade Nadal Activo Xanela Inverno (con cargo a ingresos actividade)	334.22609	506,00

2	Matilde Calvo Suárez – Servizo Terapia Ocupacional mes de xaneiro – Contrato	231.22799	418,95
3	Foga, SL – Custo mantemento fotocopiadoras mes de febreiro	920.21300	420,63
4	Gasóleos S. Benito, SL – Gasóleo C para Centro médico do Forte	920.221.03	490,00
5	El Sol , SL – Materiais para servizo de abastecemento	161.21200	37,68
6	Comercial Sánchez y Torres, SC – Reparacións varias en maquinaria municipal	171.213.00	1.276,37
7	Carpimetal Boqueixón, SL – Arranxo defensa vehículo + bandeadores metálicos	153.2.213.00	54,45
8	José Gonzalo Torres Gil – Liquidación de gastos ITV Nissan Navara 8736 GSN	135.213.00	46,35
9	Anselmo Caeiro Vilar – Liquidación de gastos por asistencia a xornadas aplicacións Deputación	920.230.00	54,45
10	Gasóleos S. Benito, SL – Gasóleo A vehículos municipais + gasolina maquinaria	135.221.03	430,49
11	Atendo Calidade, SL – Servizo SAD Dependencia mes de xaneiro	231.227.99	21.661,02
12	Atendo Calidade,SL – Servizo SAD libre concorrencia mes de xaneiro	231.227.99	1.724,05
13	Autoeléctrico Sergude, SC – Reparacións varias camiión do lixo	162.1.213.00	387,55
14	Autoeléctrico Sergude, SC – Reparación hidrolavadora	171.213.00	102,85
15	Manuel Botana Granja- Materiais varios para arranxos contedores e traída auga	162.1.213.00	117,79
16	Thomson Reuters- Revista administración práctica	920.220.01	486,89
17	Baygar, SL – Espellos e sinais para vías	153.2.212.00	980,10
18	Miguel Carrillo Freiría – Programación e actualizacións páxina web	920.222.00	1.016,40
19	Liquidación de gastos de Arlette Aimee Freire por desprazamentos cursos de inglés	920.230.00	155,04
20	Area Informática – Material de oficina para concello e xulgado	920.220.00	173,32
21	Comercial M. Lata, SL – Tubo para abastecemento de auga	161.212.00	6,40
22	Ascensores Enor, SA – Mantemento ascensor casa do concello mes de febreiro	920.213.00	77,08
23	Biocontrol SLU – Elaboración do protocolo de abastecemento de auga	161.221.99	242,00
24	Arelar Xestión Socioeducativa, SL – Redacción proxecto de campo de traballo “ O Pico Sacro”	33.226.09	423,5
25	Xurdir, SL – 25 exemplares do libro O Lendario Rio Ulla	332.1.226.99	300,02
26	Sogama, SA – Tratamento RSU do mes de xaneiro	162.3.212	7.800,67
		Importe	39.390,05

A continuación transcríbense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2016:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
27	Estudio Técnico Gallego, SA – Asistencia técnico urbanística mes de xaneiro 2016	151.22700	1.917,85
28	Fremap, Seguridad y Salud, SLU- Prevención do 1/2/16 ‘30/04/16	920.227.99	506,65
29	Telefónica España, SAU – Consumo internet obradoiro (18/12/2015-17/01/2016)	920.22200	42,35
30	Telefónica España,SAU – Consumo fax + teléfonos móbiles (18/12/2015-17/01/2016)	920.22200	510,70
31	Telefónica España SAU –Devolución por servizos non aplicados- Teléfonos móbiles	920.22200	-143,74
32	Correos y Telégrafos, SA – Servizo de correos mes de xaneiro	920.22201	367,80
		Importe	3.201,61

Con cargo ó orzamento do ano 2015

2. A Xunta de Goberno acorda aprobar a seguinte relación de facturas que se aboarán con cargo ó presuposto do ano 2015 por un importe 1.838,59 de euros.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
33	Deputación da Coruña – Anuncio BOP contratación subministro gasóleo	920.220.01	236,20
34	Deputación da Coruña – Anuncio BOP aprobación inicial modificación presupostaria 2015	920.220.01	51,92
35	Deputación da Coruña – Anuncio BOP aprobación inicial orzamento 2016	920.220.01	56,78
36	Deputación da Coruña – Anuncio BOP corrección erro expropiación forzosa	920.220.01	35,07
37	GSI, SL – Material de limpeza	920.212.00	1.779,66
38	GSI, SL – Abono material servido por erro	920.212.00	-321,04

		Importe	1.838,59
--	--	---------	----------

Aprobación de facturas do Obradoiro de Emprego

A continuación a Xunta de Goberno aproba as facturas xeradas polas obras que se están a facer no obradoiro de emprego por importe de euros (suma do módulo B + achega concello) e que a continuación se desagregan nos seguintes listados:

Importe subvención módulo B: 17.664,00 euros

Importe que resta de subvención descontando o total do gasto realizado: 4.492,38 euros

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
39	Foga- Mantemento fotocopiadora – impresora obradoiro	241.212.00	134,06
		Total	134,06

Importe subvención achega concello: 30.255,25 euros

Importe que resta de subvención descontando o total do gasto realizado: 18.809,13 euros

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
40	Gasóleos S. Benito, SL – Combustible para obradoiro	1532.212.00	26,03
		Total	26,03

Aprobación de facturas con cargo a subvencións

Como tódolos anos, o Departamento de Cultura solicita unha subvención á Deputación para a realización de actividades culturais. As axudas concedidas para este ano, aínda non saíron publicadas, pero xa se están a levar a cabo unha serie de actividades que pola súa natureza, se van a imputar os seus custos á subvención que se conceda. Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

- Aprobar a factura núm. 21 A emitida pola empresa Area Informática pola compra de material goma eva para a realización de actividades varias e importe de 66,12 euros.
- Imputar o pagamento desta factura á subvención que no seu momento conceda a Deputación.

8.Prórroga do contrato de axuda no fogar

Con data 21 de abril de 2015, asinouse o contrato para a prestación do servizo de axuda no fogar coa empresa Atendo Calidade, SL.

Nos pregos que rexeron a contratación, no apartado 4, especificábase que a duración do contrato sería dun ano prorrogable por outro máis, pero isto sería acordado polo órgano de contratación, e resultará obrigatorio para o contratista de acordo co establecido no art. 23 do TRLCSP.

Por este motivo, e tendo en conta que o contrato vixente vence o vindeiro 21 de abril , a Xunta de Goberno acorda:

- Prorrogar o contrato do servizo de axuda no fogar asinado coa empresa Atendo Calidade,SL ata o 21 de abril de 2017.
- Comunicar este acordo á empresa adxudicataria.

9. Convenio de colaboración coa Fundación Amigos de Galicia

A Fundación Amigos de Galicia envía un modelo de convenio para que sexa asinado polo sr. alcalde desta entidade.

Mediante este convenio, lévase a cabo a distribución de alimentos e outros produtos de primeira necesidade ás persoas necesitadas.

O importe previsto no convenio para o ano 2016 ascende a 2.300 € fronte aos 2.000 € do ano 2015.

Isto é debido a que a achega municipal era inferior ao 10% do importe total achegado ao Concello de Boqueixón, que ascende a 23.435,48 €/ano polos alimentos, produtos de hixiene, xoguetes (nos meses de decembro e novembro estes últimos) etc, para aproximadamente 9 familias de media mensual e 13 familias totais (ano 2015).

Polo tanto, e para que se leven a cabo as correspondentes actividades obxecto da súa sinatura a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar o convenio asinado coa Fundación Amigos de Galicia que a continuación se transcribe literalmente:

En Boqueixón, a 5 de febreiro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ovidio Rodeiro Tato, actuando no seu nome e representación do Concello de Boqueixón, e sendo o C.I.F. do Concello, P-1501200-H.

Doutra parte, D. Jesús Busto Peteiro con DNI xxxxx, como representante autorizado da Fundación Amigos de Galicia, sendo o CIF da Fundación xxxxx.

Ámbalas dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente Convenio e de común acordo,

EXPOÑEN

Primeiro: A Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece no seu artigo 28 o procedemento de concesión directa de subvencións.

Segundo: A subvención que se tramita non pode ser obxecto de publicidade e concorrência ao tratarse de actividades concretas realizadas por unha única entidade/persoa, ou que sendo realizada por varias, concédense a tódolos solicitantes.

Terceiro: Acredítase o interese público, social, económico ou humanitario da subvención.

Cuarto: O solicitante manifesta non estar en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2 da lei 38/2003 que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario, estando ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, a Seguridade Social, e a Comunidade Autónoma.

CLAÚSULAS:

- I. A presente subvención ten por obxecto o desenrolo do “Plan de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social” no cal se leva a cabo a distribución de alimentos e outros produtos de primeira necesidade ás persoas necesitadas, sendo de interese público, social e/ou humanitario.
- II. As principais beneficiarias das axudas expostas neste convenio son persoas pertencentes a colectivos en situación de vulnerabilidade social, entre os que se encontran mulleres vítimas de violencia de xénero, familias monoparentais, parados de longa duración e menores en situación ou risco de exclusión social.
- III. A actividade a subvencionar é a distribución dos produtos, e os custos que acarrea, para as persoas necesitadas do Concello de, concedéndose a cantidade de 2.300€, con cargo a partida 313.210.00. O órgano competente para a concesión e aprobación do gasto é o Alcalde ou a X.G.L. por delegación.
- IV. O beneficiario comprométese a destinar a devandita subvención á realización da actividade fixada, cumprindo o obxectivo contemplado na cláusula I.
- V. O pagamento da subvención será nun único pago; efectiva previa presentación dunha pequena memoria especificando o cumprimento do obxectivo e da documentación acreditativa dos gastos realizados (orixinal ou fotocopia compulsada de facturas e os seus xustificantes dos pagos), por importe igual ou superior á cantidade concedida. O prazo para a xustificación será de tres meses dende a celebración da actividade, ou en caso de subvencionarse varias actividades, dende a última celebrada. No caso de que a subvención sexa por importe superior a 600,00€, o beneficiario deberá presentar orixinais ou fotocopias compulsadas dos certificados de encontrarse ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, Seguridade Social.
- VI. O beneficiario queda obrigado a reflectir, en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a constancia de colaboración económica do Concello, nas condicións que lle sexan fixadas polos responsables da Área de Comunicación. Asemade, o concello fará constar na súa publicidade a colaboración da Fundación Amigos de Galicia.
- VII. Este convenio estará vixente ata o 31/12/2016.

Nestes termos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes que interveñen se afirman e ratifican, asinándoo, por duplicado e a un só efecto, na data no encabezamento expresada.

Asdo. D. Ovidio Rodeiro Tato
Alcalde de Boqueixón

Asdo. D. Jesús Busto Peteiro
Dr. Xeral Fundación Amigos de Galicia

2. Comunicar este acordo á Fundación Amigos de Galicia

10.Xustificación subvención “Mantemento de Servizos Sociais ano 2015”

No BOP núm. 209 do venres 31 de outubro de 2014 publicáronse as Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas aos concellos e outras entidades locais, da

Deputación Provincial da Coruña, ano 2015. Así mesmo, publicouse a Convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para o mantemento de servizos sociais durante o ano 2015 (Referencia: **FOAXCA**).

Na Xunta de Goberno de data 20 de novembro de 2014 acordouse solicitar a dita subvención por importe de 11163 euros para os efectos de desenvolver o Programa básico de inserción social (CCB-4).

O prazo para a xustificación da subvención remata o 31 de maio de 2016 e só admite xustificantes das actividades desenvolvidas entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro de 2015.

Unha vez cumpridos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida e con base no establecido no artigo 9.3 (Documentación xustificativa) das Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas aos concellos da Deputación Provincial da Coruña, así como nos artigos 8 e 9 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar e presentar a seguinte conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación Provincial por importe de 8654,67 euros para o desenvolvemento do Programa Básico de Inserción Social.

Concepto aprobado na concesión	Datos do acredor		Documento xustificativo						Importe imputado
	NOME Nome e apelidos (persoas físicas)Nome de empresa/entidade completo	NIF	Concepto do xustificante	Tipo de documento	Data documento	Nº documento	Data pago	Importe do documento (Indicar só si non coincide co importe imputado)	
Gastos de empacquetado da Fundación Amigos de Galicia	IDC Caldas SA	xxxxx	Caixas de cartón	Factura	17/01/2014	115/14	20/03/2014	1.089,00	363,00
Prestación económica AES	CMMA	xxxxx	Axuda emerxencia social	Acordo Xunta Goberno	19/02/2015		20/02/2015		350,00
Prestación económica AES	MCBP	xxxxx	Axuda emerxencia social	Acordo Xunta Goberno	09/04/2015		14/04/2015		670,00
Prestación económica AES	Establecemento Manuel Penas	xxxxx	AES. Beneficiario: ARL	Factura	30/12/14	01/2014	01/06/2015		622,50
Prestación económica AES	Jesús Ramos Fernández	xxxxx	AES. Beneficiario: ARL	Factura	02/03/15	09/2015	28/08/2015		30,00
Prestación económica AES	Establecemento Manuel Penas	xxxxx	AES. Beneficiario: ARL	Acordo Xunta Goberno	21/05/2015		24/09/2015		600,00
Prestación económica AES	Carnizaría Javier Mancebo Veleiro	xxxxx	AES. Beneficiario: ARL	Acordo Xunta Goberno	21/05/2015		24/09/2015		300,00

Concepto aprobado na concesión	Datos do acreedor		Documento xustificativo						Importe imputado
Prestación económica AES	MGJ	xxxxx	Axuda emerxencia social	Acordo Xunta Goberno	04/06/2015		15/06/2015		700,00
Prestación económica AES	MTRC	xxxxx	Axuda emerxencia social	Acordo Xunta Goberno	04/06/2015		09/06/2015		800,00
Desprazamento para a recollida e traslado dos alimentos	Galitrans-96, SL	xxxxx	Transporte alimentos	Factura	24/07/2015	03/2015	12/08/2015		617,10
Prestación económica AES	ALM	xxxxx	Axuda emerxencia social	Acordo Xunta Goberno	17/09/2015		24/09/2015		300,00
Aboamento factura taxi	Xosé M. Silva Fernández	xxxxx	Servizo de taxi	Factura	06/08/2015	03/2015	28/08/2015		143,00
Aboamento factura taxi	Jesús Ramos Fernández	xxxxx	Servizo de taxi	Factura	05/08/2015	36/2015	28/08/2015		30,00
Aboamento factura taxi	Xosé M. Silva Fernández	xxxxx	Servizo de taxi	Factura	11/11/2015	05/2015	01/12/2015		68,20
Desprazamento para a recollida e traslado dos alimentos	Galitrans-96, SL	xxxxx	Transporte alimentos	Factura	10/11/2015	CR 09/2015	01/12/2015		363,00
Prestación económica AES	MFB	xxxxx	Axuda emerxencia social	Acordo Xunta Goberno	19/11/2015		01/12/2015		340,00
Prestación económica AES	ALM	xxxxx	Axuda emerxencia social	Acordo Xunta Goberno	19/11/2015		01/12/2015		300,00
IMPORTE TOTAL XUSTIFICADO									6.596,00

2. Aceptar a economía que se produce.
3. Aprobar a memoria técnica xustificativa.
4. Remitir este acordo á Deputación da Coruña.

11.Xustificación subvención “Financiamento dos Servizos Sociais ano 2015”

No BOP do 31 de outubro de 2014 saían publicadas as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos para o desenvolvemento de servizos sociais no ano 2015.

Na Xunta de Goberno de data 20 de novembro de 2014 acordouse solicitar unha subvención por importe de 57.516,78 € para o sostemento do persoal auxiliar administrativo, persoal técnico de grao medio e persoal de servizo de axuda no fogar.

No BOP núm. 27 do 10 de febreiro de 2015 saíu publicada a Resolución pola que se aproba o programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios 2015 e segundo a al ao concello de Boqueixón correspóndenlle 57.516,78€

O prazo de xustificación finalizará o día 28 de febreiro de 2016 e téndose cumpridos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida e en cumprimento do establecido na base 9.3 da convocatoria do programa de subvencións así como nos artigos

8 e 9 do Decreto 193/2011 de 6 de outubro polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar e presentar a seguinte conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación por importe de 57.516,78 € para o sostemento do persoal auxiliar administrativo, técnico de grao medio e persoal de axuda no fogar:

- a) Que as cantidades aboadas en concepto de retribucións brutas e seguros sociais a cargo do concello polos servizos prestados durante o ano 2015 do persoal directamente adscrito aos servizos sociais municipais comunitarios básicos, obxecto do plan, e os ingresos obtidos para o financiamento dos mesmos conceptos son os seguintes:

Módulos solicitados	Personal subvencionado	Nome, apelidos e CIF	Natureza da súa vinculación laboral	Tipo de xornada	Pagamentos efectuados	Financiamento do Plan 2015				
						Achega Deputación	Achega Xunta	Achega das personas usuarias	Outras achegas	Achega municipal
IC	Auxiliar administrativo 1	Lourdes García Abeijón, xxxxx	Funcionaria	Xornada completa	25721,22	12028,57				13692,65
IA	Auxiliar administrativo 2	Teresa Castro Blanco, xxxxx	Persoal contratado	Xornada completa	14246,76	13915,53				331,23
IID	Técnico de grao medio 1	María José Pereira Lareo, xxxxx	Persoal contratado	Xornada completa	19486,09	13928,85				5557,24
	Técnico de grao medio 2									0
	Técnico de grao superior 1									0
	Técnico de grao superior 2									0
IV	Personal auxiliar SAF Básico	EMPRESAS: SERMASA CIF: A-28.781.151/ ATENDO CIF: B-36875938	Por empresa contratada		23506,54	17643,83		4680,89		1181,82
						57516,78	0	4680,89	0	20762,94
			Total orzamento		82.960,61		Total Financiamen to	82.960,61		

- b) Que se cumpriu integramente a finalidade para a que se concede a subvención.
 - c) Que para o mesmo obxecto non se obtiveron outras subvencións.
 - d) Que o gasto que se xustifica reflectiuse no libro de contabilidade sendo polo tanto contabilizado e aboadado.
2. Aprobar a memoria técnica xustificativa.
 3. Remitir este acordo á Deputación da Coruña

12. Renovación tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade

Concesión renovacion de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade

13. Alta servizo xantar na casa

Acordo dunha alta no servizo xantar na casa

14. Legalización de obras e licenza para a rehabilitación de fachadas e porches en vivenda unifamiliar existente

Antecedentes:

Con data do 18/04/2013, con rexistro de entrada nº.: 13/767, preséntase unha denuncia urbanística, contra unhas obras realizadas xxxxx, na parroquia de Lestedo.

Con data do 02/07/2013, con rexistro de saída nº.: 13/640, o Concello de Boqueixón remite o expediente administrativo, relativo á denuncia presentada, a Axencia Urbanística, por tratarse de obras en solo rústico, competencia da Comunidade Autónoma.

Por Orde do 6 de febreiro de 2015, publicada no DOG núm. 32, de data do 17 de febreiro de 2015, ditada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, aprobouse definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Boqueixón (PXOM), o cal recoñece a zona, na que se emprazan as obras executadas, como solo de núcleo rural.

Con data do 09/04/2015, o director da Axencia Urbanística, ditou a Resolución mediante a cal da traslado, ao alcalde do Concello de Boqueixón, das actuacións realizadas coas obras consistentes en rehabilitación e ampliación dunha edificación preexistente e construción auxiliar a modo de cobertizo, executadas sen licenza urbanística municipal, en terreos clasificados como solo de núcleo rural, xxxxx, parroquia de Lestedo, no Termo Municipal de Boqueixón, por considerar que é a Administración competente para exercer a acción de reposición da legalidade e adoptar todas as medidas que resulten necesarias para o pleno restablecemento da legalidade urbanística vulnerada.

Durante os trámites regulamentarios precedentes, axuntouse o expediente, o correspondente proxecto técnico para a legalización das obras executadas, e o proxecto de execución para a finalización destas, asinado polo arquitecto D. Alejandro Trigo Castro, Colexiado n.º: 3450, polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e visado polo Colexio con n.º: 1307488,1, con data do 07/10/2013.

Con data do 08/04/2015, con rexistro de entrada nº.: 15/627, por D. Jesús xxxx, solicítase a licenza municipal de obras, ao amparo do Plan Xeral de Ordenación Municipal, actualmente en vigor.

En base á solicitude presentada con data do 08/04/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta municipal, con data do **15/04/2015**, emítase un informe técnico con relación ao proxecto de legalización presentado, mediante o cal se lle pide ao promotor, que debe emendar o proxecto, e achegar nova documentación.

Con data do 20/04/2015, con rexistro de saída nº.: 15/293, o alcalde do Concello de Boqueixón, pon en coñecemento do promotor das obras, o contido do informe técnico que emitiu a arquitecta municipal, para que se emenden os erros detectados no proxecto, e se presente a documentación requirida.

Con data do 21/05/2015, con rexistro de entrada n.º: 15/986, o promotor das obras achega nova documentación, en base ao informe técnico de data do 15/04/2015.

Con data do 09/06/2015, con rexistro de saída n.º: 15/100/34, vistas as discrepancias entre os servizos técnicos municipais e o promotor das obras, en canto á obriga da cesión de terreos, para dar debido cumprimento ao disposto no artigo 171 da Lei 9/2002, e estando de acordo o dito promotor, remítese un expediente ao servizo de arquitectura da Deputación Provincial da Coruña, para que informe si resulta procedente, ou non procedente, a dita cesión de terreos.

Con data do **05/08/2015**, e visto a falta do informe solicitado ao Servizo de Arquitectura da Deputación da Coruña, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta municipal, emítese o informe técnico, con relación á documentación achegada por D. Jesús xxxxx, con data do 21/05/2015, e con rexistro de entrada n.º: 15/986.

Con data do 10/08/2015, con rexistro de saída n.º: 15/711, o alcalde do Concello de Boqueixón, por en coñecemento do promotor das obras, o contido do informe técnico que emitiu a arquitecta municipal, para que se emenden os erros detectados na documentación adicional, presentada con data do 21/05/2015, con rexistro de entrada n.º: 15/986, e se presente a documentación requirida.

Con data do 16/09/2015, con rexistro de entrada n.º: 15/1784, por D. Jesús xxxxx, preséntase unha solicitude de ampliación de prazo, para presentar a documentación requirida, xa que esta última esta pendente de resolución pola Xerencia Rexional do Catastro.

Con data do 06/10/2015, con rexistro de saída n.º: 15/903, pola alcaldía do Concello de Boqueixón, comunícaselle ao promotor a concesión da ampliación de prazo solicitada.

Con data do 26/10/2015, con rexistro de entrada n.º:15/2052, por D. Jesús xxxxx, presentase nova documentación, en base á comunicación do concello, de data do 10/08/2015.

Con data do **26/11/2015**, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta municipal, emítese o informe técnico, con relación á nova documentación achegada por D. Jesús xxxxx, e que literalmente di:

- 1.- Á vista da certificación catastral achegada, considérase solucionada a discrepancia catastral sinalada en informes técnicos anteriores.*
- 2.- Quen asina ratifícase nos informes técnicos anteriores, no que atinxe á requirimento de presentación de escrito de cesión a viais. Estase á espera da emisión do informe solicitado ós servizos técnicos da Deputación da Coruña.*

Con data do 03/12/2015, con rexistro de saída n.º: 15/1105, pola alcaldía, ponse en coñecemento do promotor do expediente, o contido do informe técnico de data do 26/11/2016, e recórdaselle que, a espera do informe, que emitan os servizos técnicos da Deputación da Coruña (en base a unha petición exclusiva do promotor), pode continuar coa tramitación do expediente, presentando a documentación esixida polos servizos técnicos urbanísticos municipais, en informes técnicos anteriores.

Con data do 23/12/2015, con rexistro de entrada nº.: 15/2467, por D. Jesús xxxxx, preséntase, en base ao informe técnico de data do 26/11/2016, a seguinte documentación:

- Documento de cesión a viais
- Plano de emprazamento A-02, visado polo colexio Oficial de Arquitectos.

En base a esta última documentación achegada polo promotor das obras, con data do **13/01/2016**, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta municipal, emítase o **informe técnico favorable** ao expediente de referencia.

Con data do 16/02/2016, emítase informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Unha vez o expediente completo a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Legalizar as obras levadas a cabo por D. Jesús xxxxx, consistentes no seguinte:

- A execución dun muro de perpiaño granítico pola parte exterior das fachadas do edificio existente
- A formación de novos ocios para portas e ventás non coincidentes cos existentes na vivenda orixinaria
- A ampliación da vivenda orixinaria mediante a construción de dous soportais ou porches; un na fachada norte, e outro formando esquina nas fachadas sur e oeste; executados mediante piares e dinteis de pedra granítica.

Segundo:

Conceder a “Licenza Municipal de Obras” a D. Jesús xxxxx, para a “finalización das obras de rehabilitación de fachadas e porches, dunha vivenda unifamiliar illada existente”, sita no xxxxx, na parroquia de Lestedo, emprazada sobre a parcela catastral nº.: 15012A506000360000WA, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

01. Nº.: do expediente municipal de legalización e licenza: 15/627
02. Promotor do expediente: Jesús xxxxx
03. D.N.I. do promotor: xxxxx
04. Clasificación urbanística da parcela: Solo de Núcleo Rural
05. Tipo de licenza: finalización das obras de rehabilitación de fachadas e porches dunha vivenda unifamiliar illada existente
06. Situación e emprazamento: xxxxx - Lestedo
07. Referencia catastral da vivenda: 15012A506000360001ES
08. Referencia catastral da parcela: 15012A506000360000WA
09. Taxa pola solicitude da legalización-licenza: 61,62 €
10. Orzamento de execución material das obras: 70.504,99 €
11. Liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 1.339,59 €
12. Técnico autor do proxecto: Alejandro Trigo Castro. Arquitecto
13. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: 6 meses (desde o recibo de notificación desta licenza)
 - Para terminar as obras: 3 anos (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

14. Antes do reinicio das obras, deberán presentar o seguinte: oficio de dirección de obra, oficio de dirección de execución de obras, e oficio de coordinación de seguridade e saúde.
15. As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico que serviu de base para a tramitación deste expediente, con número de visado 1307488,1 de data do 07/10/2013.
16. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: Tipo de obra; número de licenza; prazo de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.
17. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes.
18. De acordo coa documentación presentada, o expediente tramítase para a **legalización e finalización das obras de rehabilitación de fachadas e porches da vivenda**, en base o proxecto técnico presentado. Calquera actuación complementaria (obras interiores, construcións auxiliares, etc...), serán obxecto dunha nova tramitación, xa sexa por licenza de obras, ou por comunicación previa.

Terceiro:

Aprobar a liquidación da taxa municipal pola expedición de licenza urbanísticas, por importe de **61,62 €** e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Cuarto:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (ICIO), por importe de 1.339,59 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

A liquidación total (61,62 + 1.339,59), por importe de **1.401,21 €**, será ingresado na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta N°: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón).

Quinto:

Notificar este acordo ós interesados.

15. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e praxe

O alcalde